

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL

I.-INTRODUCCIÓN. PREÁMBULO

A potestade regulamentaria é o poder en virtude do cal a Administración dita Regulamentos. Un Regulamento é toda norma escrita ditada pola Administración; trátase dunha norma inferior, subordinada e complementaria da Lei.

A Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a través do seu artigo 4 nº 1 a), confire aos Municipios, como administracións públicas de carácter territorial, e dentro da esfera das súas competencias, a potestade regulamentaria e de autoorganización; sendo controlada esta potestade regulamentaria polos Tribunais, tal e como se establece no artigo 106 nº 1 da Constitución.

Son moitos os tipos de Regulamentos, pero en canto ao Regulamento Orgánico (ROM), trátase: en parte, dunha norma autónoma do Municipio, coa natureza regulamentaria como declara o seu propio enunciado e, en parte, de desenvolvemento da lexislación estatal e, no seu caso do municipio, manifestando e exercendo as potestades de autonomía e/ou autogoberno que o ordenamento xurídico lle confire.

A Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985, aprobada e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988, define a autonomía local como o dereito e capacidade efectiva das Entidades Locais de ordenar e xestionar unha parte importante dos asuntos públicos, no marco da lei, baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes; sinálase que o exercicio das competencias públicas debe incumbir preferentemente ás autoridades máis próximas aos cidadáns.

A importancia de que os Concellos contén cun Reglamente Orgánico Municipal, no que se regule a organización e funcionamento dentro do marco da lei, é obvia; descubrir os órganos unipersonais e colexiados, tanto necesarios como complementarios, fixando inequivocamente as súas atribucións e responsabilidades delimitando o seu campo de acción, regulando o seu funcionamento para procurar unha actuación ordenada, eliminando conflitos nas actuacións e excesivos formalismos é poñer de relevo os aspectos esenciais e específicos da estrutura da Entidade Local e cumprir os principios de economía procedemental, celeridade e eficacia na actuación administrativa.

O Regulamento Orgánico Municipal (ROM), cumpre unha función non só de desenvolvemento do Pleno e da Xunta de Goberno Local, senón de decisión e de organización complementaria, o seu establecemento, composición e atribucións resulta esencial, así como a regulación dos órganos que compoñen o Concello.

O Concello de Arzúa, considerou axeitado modificar o seu Regulamento Orgánico Municipal, aprobado na sesión plenaria celebrada o día 28 de decembro de 2001, que entrara en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia nº 20

de data 24 de xaneiro de 2002, para adaptalo á normativa xurdida con posterioridade, como foi:

a) O Real Decreto Lexislativo 2/2008 de 20 de xuño, polo que se aprobou o Texto refundido da Lei do Solo, que afectou aos tres artigos que integran o Capítulo IV (Rexistro de Intereses) do Título I.

b) A Lei 30/2007 de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que –a través da súa Disposición Adicional Segunda- modificou o artigo 21 nº 1, letras ñ) e p) e o artigo 22 nº 2, letras n) e o); o cal incidía nas atribucións do alcalde e do pleno, previstas nos artigos 28 e 39 do Regulamento Orgánico Municipal.

c) A Lei Orgánica 2/2011, que modificou tamén a Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral; o cal obrigaría a modificar o artigo 84 dentro do Capítulo II (Moción de censura) do Título IV.

d) A Lei Orgánica 8 /1991 de 21 abril, que modificou tamén a Lei Orgánica 5/1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en canto á introdución da Cuestión de confianza; que se considera procedente tratar despois da Moción de censura, noutro capítulo exclusivo dentro do título IV.

e) A Lei 57/2003 de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, que –entre outras previsións- supuxo o cambio de denominación da Comisión de Goberno polo de Xunta de Goberno Local, expresión que tende a destacar a natureza executiva de dito órgano.

En consecuencia coas modificacións introducidas o Regulamento Orgánico Municipal quedaría integrado por:

* Título Preliminar, sobre disposicións xerais.

* Título I, relativo a organización municipal, estrutura dos órganos de goberno, complementarios e os de desconcentración, descentralización e participación.

* Título II, órganos, composición e atribucións.

* Título III, funcionamento dos órganos.

* Título IV, Estatuto dos membros.

Disposición Adicional Primeira

Disposición Final.

O texto que se articula, recolle os principios constitucionais, adécuase á Lei 7/1985 de 2 de abril, 11/99 de 21 de abril e Lei 5/1997 de 22 de xullo de Galicia.

En exercicio do dereito de autonomía municipal e da súa potestade regulamentaria e de autoorganización que lle dá a Lei, o Concello de Arzúa outórgase o seguinte

REGULAMENTO ORGÁNICO MUNICIPAL (ROM)

TÍTULO PRELIMINAR

Disposicións xerais

Artigo 1: Obxecto do regulamento.

O obxecto do presente Regulamento Orgánico é, ao abeiro do establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, e a Lei 5/1997 de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, regular:

a) O réxime organizativo do Concello de Arzúa.

- b) O funcionamento dos seus órganos municipais.
- c) Dereitos e deberes dos membros da Corporación.
- d) Dereitos de información e participación dos veciños e entidades cidadás do Municipio.

Artigo 2: Prelación de fontes

Os preceptos deste Regulamento aplicaranse de forma preferente, salvo nos casos en que exista contradición con normas de superior rango que sexan de obrigada observancia, sexan Estatais ou Autonómicas.

No non previsto neste Regulamento, rexerá a lexislación de réxime local da Comunidade Autónoma ou Estatal, segundo a distribución constitucional de competencias entre ambos.

Artigo 3: Desenvolvemento do ROM

Este Regulamento poderá ser obxecto de desenvolvemento mediante disposicións ou instrucións aprobadas polo Pleno ou o alcalde, segundo o caso; se fora o alcalde, darase conta ao Pleno das aprobadas.

Artigo 4: Uso da lingua galega

1.-O galego, como lingua propia de Galicia, éo tamén da Administración Local.

2.-As convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordos, ditames de comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome da Corporación de Arzúa, redactaranse en lingua galega.

3.-Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, a Corporación de Arzúa pode facelo, ademais en castelán, na outra lingua oficial.

4.-As notificacións e calquera outra documentación que deba ter efectos fóra de Galicia, serán redactados en lingua castelá, sen prexuízo de que o sexan tamén en galego.

5.-Os cidadáns teñen dereito a escoller unha das dúas linguas oficiais nas súas relacións co Concello, e este, ten obriga de entregar as resolucións na lingua escolleita en cada caso, se así o manifestan de forma expresa.

TÍTULO I

Organización municipal

CAPÍTULO I

Clases de órganos

Artigo 5: Órganos do Concello

O Concello estrutúrase da seguinte forma:

- a) Órganos de Goberno
- b) Órganos complementarios
- c) Órganos de desconcentración, descentralización e participación

CAPÍTULO II

Dos concelleiros

Artigo 6: Dereitos e deberes

Son dereitos e deberes dos concelleiros os recolleitos na Lei 7/85 de 2 de abril modificada pola Lei 11/99 de 21 de abril e a Lei 5/97 de 22 de xullo de Galicia, e os que no seu desenvolvemento establezan as disposicións estatais e autonómicas.

Especialmente teñen os seguintes dereitos:

- 1.-Asistir e intervir nos debates e votacións das sesións dos órganos municipais dos que formen parte.
- 2.-Exercer as atribucións das delegacións que lle foron conferidas ou xestións que lle encomendasen.
- 3.-Poder impugnar ante a xurisdición contencioso-administrativa os actos e acordos nos que vote en contra.
- 4.-Integrarse nun Grupo municipal na forma que se regula neste ROM.
- 5.-Recibir copia dos dictames que se sometan a informe das Comisións Informativas, sempre que forme parte dela, así como dos ditames que se han de someter á aprobación do Pleno antes da súa celebración.
- 6.-Recibir copia das Actas do Pleno os Portavoces dos grupos e os concelleiros que o soliciten.
- 7.-Examinar a documentación que integre os asuntos que figuren na Orde do Día e desde o momento en que se produza a convocatoria.
- 8.-Solicitar información sobre antecedentes e datos que obren en poder dos servizos da Corporación, cando resulten necesarios para o desenvolvemento das funcións, necesidade que ha de ser expresamente motivada.

Artigo 7: Asistencias e ausencias

1.-Os concelleiros teñen o dereito e o deber de asistir, con voz e voto ás sesións do Pleno do Concello e ás daqueles órganos colexiados de que formen parte.

2.-As ausencias do municipio de duración superior a 8 días, deberán ser comunicadas por escrito ao alcalde, concretando a duración previsible da ausencia.

3.-As faltas non xustificadas ás sesións dos órganos municipais, ou o incumprimento reiterado das súas obrigas poderán ser sancionadas polo alcalde con multa, de acordo coas normas do procedemento sancionador.

Artigo 8: Retribucións e indemnizacións

1.-Os concelleiros percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos, cando o desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Seguridade Social asumindo o Concello o pago das cotas empresariais. A percepción destas retribucións serán incompatibles con outras a cargo a outras administracións e de entes, empresas delas dependentes, todo conforme á Lei 3/84 de 26 de decembro sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2.-Os membros das Corporacións Locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial, por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva á mesma, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto,

asumindo as Corporacións as cotas empresariais que correspondan. Ditas retribucións non poderán superar no seu caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelhada esta dedicación parcial e das retribucións de eles mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción de ditas retribucións.

3.-Os membros das Corporacións Locais con dedicación parcial, poderanse compatibilizar retribucións percibidas por este concepto coas da Administración en que preste os seus servizos en calidade de funcionario, sempre que o desempeño fóra do horario de traballo na Administración e sen prexuízo dos límites que, no seu caso, se establezan con carácter xeral.

4.-Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva, nin dedicación parcial, percibirán asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación, en contía sinalada polo Pleno da mesma.

5.-Os membros da Corporación percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o Pleno.

Artigo 9: Dereito de información

1.-Todos os concelleiros teñen dereito a obter do Alcalde, cantos antecedentes, datos ou información obren en poder dos servizos da Corporación e lle resulten precisos para o desenvolvemento da súa función.

2.-Este dereito só poderá ser limitado, total ou parcialmente, nos seguintes casos:

a) Cando o coñecemento ou difusión dos documentos ou antecedentes poidan vulnerar o dereito constitucional ao honor, á intimidade persoal ou familiar e á propia imaxe da persoa.

b) Se se trata de materias relativas a seguridade cidadá, cuxa publicación puidese incidir negativamente na mesma.

c) Se se trata de materias clasificadas.

d) No caso de tratarse de materias amparadas por segredo estatístico ou que incidan no ámbito protexido pola lexislación que limita o acceso aos bancos de datos informáticos.

e) Cando se trate de antecedentes que se atopen incorporados a un proceso xudicial penal mentres estea baixo segredo sumarial.

f) Se se trata de materias protexidas pola Lei Orgánica de Protección de Datos 15/99.

3.-A petición de acceso ás informacións, entenderase concedida por silencio administrativo, agás que se dean as circunstancias do artigo 9-2 do ROM, no caso de que o alcalde non dite resolución ou acordo denegatorio no prazo de 5 días, a contar desde o día seguinte ao da data de solicitude.

4.-En todo caso, a denegación do acceso á documentación informática haberá de facerse a través de resolución ou acordo motivado.

Artigo 10: Non obstante o disposto no número do artigo anterior os servizos administrativos locais estarán obrigados a facilitar información sen necesidade de que o concelleiro estea autorizado, nos seguintes casos:

a) Cando se trate do acceso dos concelleiros que ostenten delegacións ou responsabilidades de xestión á información propia das mesmas.

b) Cando se trate do acceso de calquera concelleiro á información e documentación correspondente aos asuntos que haxan de ser tratados polos órganos colexiados de que forman parte, así como ás resolucións ou acordos adoptados por calquera órgano municipal.

c) Cando se trate do acceso dos concelleiros á información ou documentación do Concello que sexan de libre acceso para os cidadáns.

Artigo 11: Gardar reserva

Todos os concelleiros teñen obriga de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento das súas funcións, singularmente das que servirán de antecedentes para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida facilitárselles en orixinal ou copia, para o seu estudo.

Artigo 12: Deberes

1.-Os concelleiros non poderán facer uso do seu cargo, nin da información contida na documentación a que teñen acceso, para finalidades distintas dos propios da súa función.

2.-Os concelleiros observarán en todo momento as normas sobre incompatibilidade e deberán poñer en coñecemento da Corporación calquera feito que puidese constituír causa das mesmas.

3.-Os concelleiros deben absterse de participar na deliberación, votación, decisión e execución de calquera asunto, se concorren nel algunha das causas a que se refire a lexislación de Réxime Local, Procedemento Administrativo ou contratos das Administracións Públicas.

4.-Formular declaración de bens e actividades privadas que lle poidan proporcionar ingresos económicos nos termos do Rexistro de Intereses.

Artigo 13: Exame de expedientes

1.-A consulta e exame de expedientes, libros e documentos en xeral rexeranse polas seguintes normas:

a) A consulta xeral de calquera expediente poderá realizarse no arquivo xeral ou na dependencia onde se atope, mediante entrega dos mesmos. O librar copias limitarase aos citados casos de acceso libre dos concelleiros á información e aos casos en que iso sexa expresamente autorizado polo alcalde.

b) En ningún caso os expedientes, libros ou documentación poderán saír do Concello ou das súas dependencias ou oficinas municipais.

c) A consulta dos libros de actas e libros de resolucións deberá efectuarse no arquivo ou na Secretaría Xeral.

d) O exame de expedientes sometidos a sesión, poderá facerse unicamente no lugar en que se atopen de manifesto a partir da convocatoria, agás que se facilite copia do mesmo a cada grupo nese caso non quedará exposto o expediente.

2.-No suposto de entrega do punto 1 a), e a efectos de control administrativo, o interesado deberá asinar un acuse de recibo no que expresará, polo menos, a identificación do expediente, do concelleiro, motivo da consulta, data e hora de entrega; unha vez devolto, figurará a hora de entrega e o recibín da persoa encargada de custodiala do expediente. Todo en exemplar duplicado, un para a administración e outro para o interesado, formando co primeiro un libro de consultas que permanecerá en Secretaría.

Artigo 14: Asistencias e responsabilidades

1.-Os concelleiros terán o dereito e a obriga de asistir a todas as sesións do Pleno e das comisións de que formen parte.

2.-Os concelleiros están suxeitos a responsabilidade civil e penal polos actos ou omisións realizados no exercicio do seu cargo. Son responsabilidades dos acordos, os membros que os votasen favorablemente.

3.-O Concello poderán esixir a responsabilidade dos seus membros cando causen danos e prexuízos á Corporación ou a terceiros, se estes tivesen que ser indemnizados polo Concello.

4.-O expediente será tramitado e resolto pola propia Corporación de acordo coas normas do procedemento sancionador.

CAPÍTULO III

Grupos políticos

Artigo 15: Grupos políticos

Os Grupos Políticos Municipais, expresan no Concello, o pluralismo político, concorren á formación e manifestación da vontade popular e son instrumento fundamental para a participación política; tamén contribúe á acción municipal encauzando as diferentes aspiracións dos grupos sociais do municipio.

Artigo 16: Características

1.-Os concelleiros, a efectos da súa actuación corporativa, constituiranse en grupos políticos, que se corresponderán cos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que obteñan postos na Corporación.

2.-En ningún caso poderán constituír grupo separado, concelleiros que resultaron electos, pertencendo a unha mesma lista electoral.

3.-Integraranse en todo caso, no grupo mixto, aqueles partidos, políticos, coalicións, federacións ou agrupacións que non obtivesen un mínimo de 2 concelleiros.

4.-Ningún concelleiro pode pertencer simultaneamente a máis dun grupo.

5.-Se non houberse Grupo Mixto, este quedará constituído polo concelleiro que obteña un só escano.

Artigo 17: Grupo mixto

1.-Os concelleiros que non se integren no grupo que corresponde á lista pola que fosen elixidos e os que durante o seu mandato causen baixa no que inicialmente integráronse, constituirán un grupo mixto.

2.-Durante o mandato da Corporación, ningún concelleiro poderá integrarse nun grupo distinto daquel no que o faga inicialmente, salvo no grupo mixto.

Artigo 18: Constitución

1.-Os grupos municipais constituiranse mediante escrito dirixido ao alcalde e subscrito por todos os integrantes, que se presentará en secretaría dentro dos 5 días hábiles seguintes a constituírse o Concello.

2.-No mesmo escrito de constitución farase constar a designación de Portavoz do grupo, podendo, tamén, designarse suplentes.

3.-Da constitución dos grupos, dos seus integrantes e portavoces, o alcalde dará conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre unha vez pasado o prazo do punto 1.

Artigo 19: Incorporacións

Os concelleiros que adquiren a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva, deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista na que sexan elixidos ou, no seu caso, ao grupo mixto. No primeiro caso dispoñerán de 5 días hábiles, desde que tomen posesión do cargo, para acreditar a súa incorporación ao grupo que corresponde mediante escrito dirixido ao Alcalde e asinado tamén polo correspondente Portavoz.

Se non se produce a súa integración na forma prevista no punto anterior, integraranse automaticamente no grupo mixto.

Artigo 20: Funcións

Son funcións propias de cada grupo municipal, as seguintes:

a) Propoñer de entre os seus membros, os concelleiros que han de representar nos diferentes órganos colexiados da Corporación, mediante escrito do seu Portavoz dirixido ao alcalde e nos termos previstos en cada caso neste Regulamento.

b) Elixir o seu Portavoz e ao concelleiro do seu grupo que lle ha de substituír en casos de ausencia ou enfermidade; o Portavoz do Grupo Mixto será designado pola maioría dos membros que o integran.

c) Fixar os criterios políticos comúns respecto dos diferentes asuntos que afecten á vida municipal.

Artigo 21: Excepcións

As funcións e atribucións dos grupos políticos entenderanse, sen prexuízo das que a lexislación de réxime local atribúa aos órganos municipais e aos membros da Corporación.

Artigo 22: Dereitos dos grupos políticos municipais

Teñen dereito a:

1.-Participar nas comisións informativas mediante os seus concelleiros.

2.-Recibir a Orde do Día das sesións do Pleno e dos órganos colexiados de que forman parte; poden solicitar de Secretaría fotocopia dos ditames incluídos na Orde do Día.

3.-O Pleno, con cargo aos orzamentos anuais da Corporación poderán asignar aos grupos políticos unha dotación económica que deberá contar cun compoñente fixo idéntico para todos os grupos, e outro variable, en función do número de membros de cada un deles, dentro dos límites que, en cada caso, se estableza con carácter xeral nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, e sen que poidan destinarse ao pago de remuneracións de persoal de calquera tipo de Servizo da Corporación ou a adquisición de bens que poidan contribuír activos fixos de carácter patrimonial. Os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da dotación a que se refire este apartado que poñerán a disposición do Pleno sempre que este o pida.

CAPÍTULO IV

Rexistro de intereses

Artigo 23:

1.-Conforme ao artigo 75 nº 7, da Lei 7/1985 de 2 de abril, constituirase na Secretaría da Corporación o Rexistro de Intereses dos membros da mesma.

A custodia e dirección do Rexistro corresponde ao Secretario.

2.- Os representantes locais formularán declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.

3.- Formularán así mesmo declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, no seu caso, Sociedades.

4.- Tales declaracións, efectuadas nos modelos aprobados polos Plenos respectivos, levaranse a cabo: Antes da toma de posesión, con ocasión do cese e ao final do mandato, así como cando se modifiquen as circunstancias de feito.

5.- As declaracións anuais de bens e actividades serán publicadas con carácter anual, e en todo caso no momento da finalización do mandato, nos termos que fixados no artigo 25 deste regulamento.

6.- Tales declaracións inscribíranse nos seguintes Rexistros de Intereses, que terán carácter público:

a) A declaración sobre causas de posible incompatibilidade, e actividades que proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos, inscribírase no Rexistro de Actividades constituído en cada Entidade local.

b) A declaración sobre bens e dereitos patrimoniais inscribírase no Rexistro de Bens Patrimoniais de cada Entidade local, nos termos que se estableza neste regulamento.

Artigo 24:

1.- Non se poderá tomar posesión como concelleiro sen ter presentada tanto a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, como a declaración sobre bens patrimoniais e da participación e sociedades de todo tipo, con información das sociedades por ela participadas, obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno da Corporación, así como copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a Renda, Patrimonio e Sociedades, de selo caso.

Cando a declaración ou declaracións tributarias non se correspondan coas do exercicio inmediatamente anterior, deberán presentarse estas na primeira quincena do mes de xullo.

As declaracións presentarase aínda que xa se presentasen no mandato anterior.

2.- Durante o período de mandato, os concelleiros deberán formular a correspondente declaración no modelo aprobado polo Pleno, nos supostos de que se produzan variacións respecto do consignado na declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades ou na declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, relacionando as alteracións producidas.

O prazo para comunicar as citadas variacións será dun mes a contar desde o día seguinte a aquel en que se teñan producido.

3.- Igualmente os concelleiros deberán presentar as declaracións no prazo de dez días, desde o cesamento do cargo.

Cando o suposto sexa por remate do mandato, o prazo contarase a partir do momento en que os concelleiros cesen no exercicio das súas funcións para a administración ordinaria, por toma de posesión dos seus sucesores.

No suposto de renuncia, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación.

No suposto de perda da condición de concelleiro por incompatibilidade, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación ou desde que o Pleno declare a vacante.

No suposto de perda da condición de concelleiro por decisión xudicial, desde que se tome coñecemento polo Pleno da Corporación.

Artigo 25:

1.- As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse con carácter anual, no mes de agosto, na páxina web municipal, que será de libre acceso.

2.- A mesma publicación levarase a cabo coas declaracións presentadas con ocasión do cesamento no cargo ou ao final do mandato.

Non obstante, para salvagardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación, omitiranse os datos relativos ao domicilio así como a localización dos seus bens.

TÍTULO III

Órganos do concello: composición e atribucións

CAPÍTULO I

Do alcalde

Artigo 26: Órganos de Goberno

Constitúen os órganos de goberno municipal:

- a) O alcalde
- b) Os tenentes de alcalde
- c) A Xunta de Goberno Local
- d) O Pleno

Devanditos órganos, no marco das súas respectivas competencias, dirixen o goberno e a administración municipal.

Artigo 27: O alcalde

O alcalde preside a Corporación e ostenta as atribucións enumeradas na Lei 7/85 de 2 de abril e 5/97 de 22 de xullo de Galicia de Réxime Local, as que lle outorga este Regulamento Orgánico, así como as demais que expresamente lle atribúan as leis, e aquelas que a lexislación do Parlamento de Galicia ou do Estado asignen ao municipio sen lles atribuír a ningún outro órgano de goberno municipal.

Artigo 28: Competencias do alcalde

As mencionadas no artigo anterior, son en todo caso:

- a) Dirixir o goberno e a administración municipal, polo que:
 - Nomea e separa libremente aos concelleiros que integran a Xunta de Goberno Local, dando conta ao Pleno.
 - Nomea e separa libremente aos tenentes de alcalde, dando conta ao Pleno.
 - Delega na Xunta de Goberno Local as atribucións que sexan delegables.
 - Efectúa e revoga as delegacións xenéricas e especiais.
 - Resolve os conflitos de atribucións que xurdan entre órganos e entidades dependentes do Concello, sen prexuízo das atribucións que son propias do Pleno.
 - Organiza os servizos administrativos do Concello.
 - Vela polo cumprimento das leis e demais disposicións de carácter xeral.
- b) Representar ao Concello, polo que:
 - Preside todos os actos públicos que se celebren no mesmo.
 - Presidir actos de licitación ou adxudicación de obras, servizos, subministros, enaxenación, arrendamento e outros contratos.
 - Subscribir escrituras públicas, convenios, documentos, pólizas....
- c) Convocar e presidir as sesións do Pleno, salvo os supostos previstos na presente Lei e na lexislación electoral xeral, da Xunta de Goberno Local e de calquera outros órganos municipais e decidir os empates con voto de calidade.
 - Elaborar a Orde do Día do Pleno, Xunta de Goberno Local e outros órganos.
 - Abrir, suspender e levantar as sesións.
 - Dirixir o desenvolvemento das sesións e dos debates.
 - Decidir en caso de empate co voto de calidade.
- d) Dirixir, inspeccionar e impulsar os servizos e obras municipais; por iso:
 - Ditar disposicións particulares para o mellor cumprimento dos servizos.
 - Solicitar os asesoramentos técnicos necesarios a tal fin.
 - Ditar ordes individuais constitutivas de mandato para a execución dun acto ou a prohibición do mesmo no exercicio da facultade de intervir na actividade dos cidadáns.
 - Esixir a todos os obrigados ao exacto e dilixente cumprimento dos servizos ou cargas de carácter público.
- e) Ditar bando e xa que logo:
 - Velar polo seu cumprimento.
- f) O desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado, dispoñer de gastos dentro dos límites da súa competencia, concertar operacións de crédito, con exclusión das contempladas no art. 158-5 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, sempre que aquelas estean previstas no Orzamento e o seu importe acumulado dentro de cada exercicio económico non supere o 10 por 100 dos seus recursos ordinarios, salvo as de tesourería que lle correspondan cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento non superen o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior; ordenar pagos e render contas; todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.
 - Conceder subvencións ou axudas con cargo ás partidas e consignacións no orzamento e de acordo coas súas bases de execución.
 - Aprobar padróns fiscais, documentos fiscais e liquidacións tributarias.
 - Ditar actos de aplicación de efectividade dos tributos locais.
 - Resolver as reclamacións e recursos que se deduzan contra eles.

- Desenvolver a xestión económica conforme ao orzamento aprobado, sen prexuízo das atribucións do Pleno.

- Organizar os servizos de recaudación e tesourería.

g) Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento e o persoal aprobado polo Pleno, aprobar as bases das probas para a selección do persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo e distribuír as retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

- Efectuar a convocatoria anual de emprego público conforme ás bases aprobadas polo Pleno.

- Contratar o persoal laboral da Corporación a proposta dos tribunais ou comisións de persoal.

h) Desempeñar a xefatura superior de todo o persoal, e acordar o seu nomeamento e sancións, incluída a separación do servizo dos funcionarios da Corporación e o despedimento do persoal laboral, dando conta ao Pleno, nestes dous últimos casos, na primeira sesión que celebre. Esta atribución entenderase sen prexuízo do disposto no artigo 99-1 e 3 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

- Exercer todas as atribucións en materia de persoal que non sexan competencia do Pleno, do Estado ou da Xunta de Galicia.

- Nomear e cesar ao persoal interino e eventual nos termos da lexislación vixente.

- Ordenar a instrución de expedientes disciplinarios e apercibir e suspender preventivamente a toda clase de persoal.

- Premiar e sancionar ao persoal coas salvidades correspondentes ao Pleno e as peculiaridades propias dos funcionarios de habilitación nacional.

- Declarar situacións administrativas e xubilación do persoal.

i) Exercer a Xefatura da Policía Municipal.

j) As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

k) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello en materias da súa competencia, ata cando as delegara noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, neste suposto dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación.

- Conferir mandato para o exercicio da representación xudicial ou administrativa e para toda clase de negocios xurídicos.

- Encomendar a defensa e representación do Concello a avogados e procuradores.

- Comparecencia e defensa nos procesos contra o Concello.

- Interpoñer recursos en vía administrativa e xudicial.

l) A iniciativa para propoñer ao Pleno a declaración de lesividade en materias da competencia da Alcaldía.

m) Adoptar persoalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno.

n) Sancionar as faltas de desobediencia á súa autoridade ou por infracción das ordenanzas municipais, salvo nos casos en que tal facultade estea atribuída a outros órganos.

ñ) Os contratos de obras, de subministro, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais, e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual, cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

p) A adxudicación de concesións sobre bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como

o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

q) O outorgamento de licenzas salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local.

- Outorgar licenzas urbanísticas, de apertura de establecementos industriais e mercantís, de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas, de uso común especial, de bens de dominio público ou bens de carácter municipal.

- Ordenar a inspección urbanística, ordes de execución, declarar leiras ruinosas, o seu desaloxo e derriba, impoñer sancións, suspender obras e, en xeral, adoptar as medidas de protección da legalidade urbanística de acordo coa normativa específica, nos casos que a competencia lle corresponda.

r) Ordenar a publicación, execución e facer cumprir os acordos do Concello.

s) Os demais que expresamente lle atribúan as leis e aquelas que a lexislación do Estado ou das Comunidades Autónomas asignen ao municipio e non atribúan a outros órganos municipais.

Artigo 29: Delegacións

1.-O alcalde pode exercer as súas atribucións directamente ou mediante delegación.

2.-O alcalde pode delegar atribucións na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado.

3.-O alcalde pode efectuar delegacións de determinadas atribucións, nos membros da Xunta de Goberno Local.

4.-Tamén pode conferir delegacións especiais para encargos específicos a favor de calquera concelleiro, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local.

Artigo 30: Delegacións xerais e especiais

1.-As xenéricas serano en membros da Xunta de Goberno Local e poderán abarcar tanto a facultade de dirixir os servizos como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

2.-As especiais, serano en calquera concelleiro e poderán ser:

a) Relativas a un proxecto ou asunto específico, poderán conter as facultades delegables do alcalde, incluído o emitir actos que afecten a terceiros, limitándose a súa eficacia ao tempo de execución ou xestión do proxecto ou asunto delegado.

b) Relativos a un determinado servizo, comprendendo a dirección interna e a xestión do servizo, pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

c) Relativos a un distrito ou parroquia.

Artigo 31: Réxime xeral de delegacións

1.-Todas as delegacións serán realizadas mediante decreto do alcalde que conterà o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas de exercicio dos mesmos, na medida en que se concreten ou aparten do réxime xeral.

2.-A delegación fornecerá efecto desde o día seguinte ao da data do decreto, salvo que nela se dispoña outra cousa.

3.-Para a súa eficacia requírese a aceptación do órgano ou membro en que se delegue. Entenderase tacitamente aceptada se no termo de tres días hábiles desde a notificación, o órgano ou membro delegado non manifesta expresamente ao alcalde a súa non aceptación.

4.-As delegacións, salvo as relativas a un proxecto ou asunto determinado, publicaranse no BOP e darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre con posterioridade á mesma.

5.-Os actos ditados polo órgano ou membro delegado no exercicio das súas atribucións enténdense ditados polo Alcalde, correspondendo a este a resolución dos Recursos de Reposición.

6.-Ningún órgano ou membro pode delegar á súa vez as atribucións que ten delegadas.

7.-O alcalde pode revogar ou modificar as delegacións efectuadas coas mesmas formalidades que as esixidas para o seu outorgamento.

Artigo 32: Materias delegables

Non se poden delegar:

- O convocar e presidir as sesións do Pleno e da Xunta de Goberno Local.
- Decidir os empates co voto de calidade.
- Contratar operacións de crédito.
- xefatura superior de persoal.
- Separación do servizo de funcionarios e despedimento do persoal laboral.
- Dirixir o goberno e a administración municipal.
- Ditar bandos.
- Aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento
- Exercicio das accións xudiciais e administrativas do Concello.
- Propoñer ao Pleno a declaración de lesividade.
- Medidas en caso de catástrofe ou infortunio público.
- A Presidencia da Corporación.

No entanto, poderá delegar na Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

CAPÍTULO II

Dos tenentes de alcalde

Artigo 33: Os tenentes de alcalde

1.-Os tenentes de alcalde, órganos unipersonais, serán libremente nomeados e cesados polo alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local, mediante decreto do que se dará conta ao Pleno na primeira sesión que celebre, notificándose persoalmente aos designados e publicaranse no BOP, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma do Decreto polo alcalde, senón se dispón outra cousa.

2.-O seu número non poderá exceder do número de membros da Xunta de Goberno Local.

3.-A condición de tenente de alcalde pérdese, por cese, renuncia expresa por escrito e pola perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local.

Artigo 34: Funcións

Corresponde aos tenentes de alcalde e por orde de nomeamento, con independencia da súa condición de membros da Xunta de Goberno Local e do Pleno do Concello, as seguintes funcións:

1.-Substituír accidentalmente ao alcalde na totalidade das súas funcións en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento que o imposibilite para exercer as súas atribucións; neste suposto o tenente de alcalde que asuma as súas funcións,

non poderá revogar as delegacións que outorgara o alcalde. A asunción será na forma que se recolle no artigo 31 que regula o réxime xeral de delegacións.

2.-Desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacantes na Alcaldía por renuncia, falecemento ou sentenza firme, ata que tome posesión o novo alcalde.

3.-Exercer a dirección, coordinación e xestión das atribucións que o alcalde lles teña delegado.

4.-Substituír ao alcalde en actos concretos cando estea así o dispoña, aínda cando se trate do exercicio de atribucións non delegables ou cando por imperativo legal teña a obriga de absterse de intervir.

CAPÍTULO III

Da Xunta de Goberno Local

Artigo 35: Xunta de Goberno Local

1.-A Xunta de Goberno Local, órgano colexiado, está integrada polo alcalde, que a preside e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos.

2.-O nomeamento e separación dos membros da Xunta de Goberno Local corresponde libremente ao alcalde, efectuarase por Decreto do que se dará conta ao Pleno do Concello e publicarase no BOP.

3.-O alcalde efectuará o nomeamento dos membros da Xunta de Goberno Local dentro dos 30 días seguintes á constitución do Concello.

Artigo 36: Atribucións

1.-A asistencia permanente do alcalde no exercicio das súas atribucións co carácter de propia e indelegable.

2.-Exercer as atribucións que o alcalde ou outro órgano expresamente lle delegue conforme ao establecido no artigo 29-2 en relación co 28 deste Regulamento.

3.-Exercer as atribucións que o Pleno expresamente lle delegue no ámbito dos asuntos á que as mesmas se refiran, facultades concretas, así como as condicións específicas de exercicio das mesmas conforme ao establecido nos artigos 39 e 40 en relación co 41 deste Regulamento.

4.-Exercer as atribucións que expresamente lle confiran as leis.

Artigo 37: Réxime de sesións

1.-A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias cada 15 días e as extraordinarias e urxentes cando sexan convocados polo alcalde ou a instancia de polo menos unha cuarta parte do número dos seus compoñentes.

2.-A convocatoria tena que facer o alcalde, polo menos con 24 horas antes da súa celebración, salvo as extraordinarias e urxentes, nas que antes de entrar no coñecemento dos asuntos incluídos na orde do día, declarárase a urxencia por acordo favorable da maioría dos seus membros.

3.-As sesións non serán públicas, sen prexuízo da súa publicidade e comunicación na forma legal. A copia da acta remitirase no prazo de 10 días a todos os membros da Corporación.

4.-Para a súa válida constitución requírese a asistencia da maioría absoluta legal dos seus compoñentes, celebrándose en segunda convocatoria, de non existir

quórum, unha hora logo da fixada para a primeira, sendo neste caso suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, polo menos tres.

5.-Será presidida polo alcalde que dirixirá e ordenará os debates ao seu prudente arbitrio.

6.-Cando exerza competencias delegadas polo Pleno, será preceptivo o previo informe da Comisión Informativa correspondente.

7.-O alcalde pode requirir que asistan ás sesións, outros membros da Corporación, ou persoal ao servizo do Concello, co obxecto de informar no relativo ao ámbito das súas actividades.

8.-Cando exerza competencias delegadas polo Pleno, ou asignadas polas leis, adoptará os acordos por votación formal.

9.-En reunións deliberantes, non poderá adoptar ningún acordo, formalizándose o resultado dos mesmos en forma de ditames.

CAPÍTULO IV

Do Pleno

Artigo 38: O Pleno do Concello

1.-O Pleno do Concello é o órgano colexiado que exerce as atribucións recollidas no artigo 22 da Lei 7/85 de 2 de abril de BRL e artigo 64 da Lei 5/97 de 22 de xullo de Galicia e as demais que expresamente lle confiren as leis.

2.-É presidido polo alcalde e está integrado por todos os concelleiros.

3.-Quedarán constituído logo de cada elección municipal de acordo coa normativa contida na Lei Orgánica 5/85 do Réxime Electoral Xeral.

Artigo 39: Atribucións do Pleno

a) O control e fiscalización dos órganos de goberno e en consecuencia:

- A constitución do Concello.

- A votación da moción de censura do alcalde.

- Declarar os membros corporativos que han de exercer as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial e as súas retribucións conforme á lexislación vixente.

b) Os acordos relativos á participación en organizacións supramunicipais; alteración do termo municipal; creación ou supresión de municipios e das Entidades a que se refire o artigo 45 da Lei 7/85 de BRL; creación de órganos desconcentrados, alteración da capitalidade do municipio e o cambio de nome deste ou daquelas entidades e a adopción ou modificación da súa bandeira, insignia ou escudo.

c) A aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística:

- A aprobación inicial de plans Parciais e Especiais.

- A aprobación dos proxectos de obras municipais ordinarios e de instalacións cando a contratación da súa execución sexan da súa competencia.

- A aprobación e modificación inicial e provisional das Ordenanzas Urbanísticas.

d) A aprobación do Regulamento Orgánico e das ordenanzas:

- A aprobación deste Regulamento e a súa modificación.

- A aprobación e modificación das Ordenanzas Fiscais.

- A aprobación e modificación das Ordenanzas de Policía.

- A aprobación e modificación inicial e definitiva de cantas Ordenanzas non estea atribuída a súa competencia a organismos estatais ou autonómicos.

- A aprobación e modificación dos Estatutos das institucións municipais ou supramunicipais na que se acorde a súa integración.

e) A determinación dos recursos propios de carácter tributario; a aprobación e modificación do Presupostos; a disposición de gastos en materia da súa competencia e a aprobación de contas; todo iso de acordo co disposto na Lei de Facendas Locais.

- Determinar as Ordenanzas Fiscais que han de rexer para cada exercicio e tarifas a aplicar.

- Aprobar e modificar o Orzamento do Concello.

- Modificar créditos, conforme ás bases de execución do Orzamento.

- Dispoñer dos gastos non atribuídos ao alcalde.

- Recoñecer créditos, operacións financeiras, conceder "quita e espera" ou calquera outro compromiso económico.

- Aprobar as contas conforme á Lei Reguladora de Facendas Locais.

f) A aprobación das formas de xestión dos servizos e dos expedientes de municipalización.

- Xestión directa dos servizos, polo Concello, a través de organismo autónomo local ou sociedade mercantil con capital municipal.

- Xestión indirecta de servizos a través de concesión, xestión interesada, concerto, arrendamento, sociedade mercantil ou cooperativa con capital en parte do Concello.

g) A aceptación da delegación de competencias feitas por outras Administracións públicas.

- Aceptar a delegación de competencias que faga a Xunta de Galicia.

- Aceptar a delegación de competencias que faga o Estado.

h) A formulación de conflitos de competencia a outras Entidades Locais e demais administracións públicas.

i) A aprobación do persoal e da relación de postos de traballo, a fixación da contía das retribucións complementarias fixas e periódicas dos funcionarios e o número e réxime do persoal eventual.

- Resolver os concursos para prover postos de traballo vacantes asignados a funcionarios.

- Aprobar os baremos de méritos específicos para os concursos de prazas vacantes dos funcionarios con habilitación nacional deste Concello.

- Formular propostas de nomeamento á Dirección Xeral de Administración Local do Ministerio de Administracións Públicas.

j) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

k) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

l) A alteración da cualificación xurídica dos bens de dominio público.

- Incoar expediente en que se acredite a oportunidade e a legalidade do cambio de afección.

- Resolver o expediente por acordo da maioría absoluta do número leal de membros da Corporación.

m) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por 100 dos recursos ordinarios do Orzamento, salvo as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por 100 dos ingresos liquidados no exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

n) Os contratos non mencionados nos apartados ñ) e p) do artigo 28 deste regulamento, que celebre esta entidade local.

ñ) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para o seu contratación ou concesión e cando aínda non estean previstos no Orzamento.

o) A adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio, cando non estean atribuídas ao alcalde, e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

p) Aquelas outras que deban corresponder ao Pleno por esixir a súa aprobación unha maioría especial.

q) As demais que expresamente lle confiran as Leis.

Artigo 40: Outras atribucións

Pertence igualmente ao Pleno, a votación sobre a moción de censura ao alcalde e sobre a cuestión de confianza suscitada polo mesmo, que se rexe polo disposto na lexislación estatal xeral.

Artigo 41: Exercicio das atribucións

1.-O Pleno pode exercer as atribucións, ou ben directamente, ou ben delegalas no alcalde e a Xunta de Goberno Local.

2.-Non se poden delegar as funcións das letras a), b), c), d), e), f), g), i), l), p) nin as do artigo 40.

3.-O acordo plenario de delegación será adoptado por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e fornecerá efectos desde o día seguinte da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

4.-O acordo de delegación conterá, o ámbito dos asuntos a que a mesma refírese e as facultades concretas que se delegan así como as condicións específicas do seu exercicio.

5.-En canto ao réxime e efectos da delegación de atribucións do Pleno na Xunta de Goberno Local, será de aplicación o disposto no artigo 39- 3,5,6,7 deste ROM.

6.-O Pleno, para actos concretos, poderá delegar calquera das súas atribucións, en todo ou en parte, no alcalde, excepto as do apartado 2 deste artigo.

7.-As delegacións en materia de xestión financeira poderán así mesmo conferirse a través da aprobación definitiva do Orzamento do Concello.

CAPÍTULO V

Órganos complementarios

Artigo 42: Comisións informativas

